

Estadística de construcción de edificios. Novembro 2006

COMUNICADO

O parque de vivendas creceu un 12,5% nos once primeiros meses de 2006 con respecto ao mesmo período do ano anterior.

En novembro de 2006 a variación neta do parque de vivendas aumentou en 4.560 unidades, un 57,8% con respecto a novembro de 2005.

A variación neta do parque de vivendas en novembro de 2006 foi de 4.560 vivendas, supoñendo un crecemento do 57,8% fronte ao rexistrado en novembro de 2005. No que vai de ano prodúcese un crecemento do 12,5%.

En novembro de 2006, e respecto aos valores acadados no mesmo mes do ano anterior, o aumento da variación neta do parque de vivendas débese ao comportamento das vivendas a crear en nova planta (creceron un 56,0%) e das vivendas a crear en rehabilitación (45,3%).

Pola contra as vivendas a demoler fan que descenda a variación neta ao crecer un 1,7%.

Estadística de construcción de edificios. Novembro 2006.

	Dato	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Superficie total. Nova planta. (miles de m ²)	867	50,9%	2,8%
Variación neta parque de vivendas (número)	4.560	57,8%	12,5%
Vivendas a crear			
Vivendas a crear en nova planta	4.573	56,0%	12,4%
Vivendas a crear en rehabilitación	109	45,3%	-7,1%
Vivendas a demoler	121	1,7%	-9,3%
Datos corrixidos de efecto calendario			
Superficie total. Nova planta. (miles de m ²)	847	50,9%	2,6%
Vivendas a crear en nova planta	4.465	56,0%	12,3%

Fonte: IGE, Ministerio de Fomento. Estadística de construcción de edificios

A superficie total da edificación de nova planta aumentou un 50,9% en novembro de 2006 con respecto ao mesmo mes do ano anterior.

En novembro de 2006 a superficie total a edificar presenta unha taxa de variación interanual do 50,9%. Este comportamento débese tanto ao aumento da superficie destinada a vivenda, que creceu un 42,0% como ao forte crecemento da superficie de edificación non residencial.

Corrixida de efecto calendario a taxa de variación para a superficie total é tamén dun 50,9%. No que vai de ano a superficie total de nova planta creceu un 2,8% con respecto ao mesmo período do ano anterior, taxa que se converte nun 2,6% en termos de datos corrixidos de efecto calendario.

No seguinte gráfico pódese observar a evolución da taxa de variación interanual da superficie total de edificios de nova planta dende 1996.



Fonte: IGE, Ministerio de Fomento. Estadística de construción de edificios

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.eu>